



1. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE "RIBADAVIA"

Rúa do Carballiño, s/n. 32400 RIBADAVIA (Ourense)

Tf: 988 470 239 - Fax: 988 477 242

ceip.ribadavia@edu.xunta.es - <http://centros.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia>

ANEXO A LA PROGRAMACIÓN 2.019 – 2.020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN 2019 -2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA

CURSO: 5º

DATA: 7 DE MAIO DE 2020

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Son os que figuran na programación correspondente ao curso 2019-2020.

Posto que o terceiro trimestre quedábase moi curto (48 días), os estándares de aprendizaxe imprescindible correspondentes a quinto nivel propiamente dito foron traballados nos trimestres anteriores deixando para o final de curso cuestións de repaso e reforzo dirixidas fundamentalmente ás técnicas instrumentais básicas que inclúen ademais estándares correspondentes a Ciencias Sociais e Naturais.

Dado que traballamos con nenos do 5º nivel temos a vantaxe de continuar co mesmo alumnado, polo que decidimos deixar para o vindeiro curso os seguintes estándares de aprendizaxe:

- En Ciencias Sociais os estándares correspondentes a Idade Moderna.
- En Ciencias Naturais algúns dos estándares correspondentes á materia e á enerxía.
- En Lingua Galega e Lingua Castelá os estándares de aprendizaxe gramaticais correspondentes á conxugación verbal.
- En matemáticas algúns dos estándares de aprendizaxe relacionados coa xeometría .

| | | |
|--------------------------------------|---|--|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN 2019-2020 | 2 | CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA CURSO: 5º MATERIA: L. GALEGA, L. CASTELÁ, MATEMÁTICAS, NATURAIS E SOCIAIS. |
|--------------------------------------|---|--|

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | Seguiranse os procedementos recollidos no punto 12 da programación agás probas configuradas como síntese dos contidos máis significativos e cuestionarios escritos. |
| | Serán os mesmos que os recollidos no punto 12 da programación. |
| Cualificación final | Será a media do primeiro e segundo trimestre máis os traballos realizados polo alumnado que servirán, de selo caso, para recuperar e/ou subir nota. Como máximo a nota subirá un punto. |
| Proba extraordinaria de setembro | |
| Alumnado de materia pendente | Serán os mesmos que se recollen nos apartados 12, 13, 14 e 15 da programación coa vantaxe de continuar co mesmo alumnado o vindeiro curso. |
| | Será a media do primeiro e segundo trimestre máis os traballos realizados polo alumnado que servirán para recuperar e/ou subir nota. Seguiranse os procedementos recollidos no punto 12 da programación agás probas configuradas como síntese dos contidos máis significativos e cuestionarios escritos. |
| | Seguiranse os procedementos e instrumentos recollidos no punto 12 da programación agás probas configuradas como síntese dos contidos máis significativos e cuestionarios escritos. |

| | | |
|--------------------------------------|---|--|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN 2019-2020 | 3 | CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA CURSO: 5º MATERIA: L. GALEGA, L. CASTELÁ, MATEMÁTICAS, NATURAIS E SOCIAIS. |
|--------------------------------------|---|--|

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | <p>Mantéñense as actividades de recuperación, repaso e reforzo previstas para cada área na programación agás aquelas que impliquen relación directa co profesorado ou con outro alumnado que serán substituídas por outras que se podan levar a cabo de modo telemático mediante charlas dirixidas ao emprego de vocabulario axeitado ao nivel, expresión, dicción... empregando vídeo conferencias ou chamadas telefónicas grupais ou individuais.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>5º A:</p> <p>Todo o alumnado ten conectividade a través de internet, ben a través do ordenador, o teléfono móbil ou tableta propia ou dos pais/nais polo que comunícome con todos eles.</p> <p>Eu conéctome tódolos días por WhatsApp web ou a través do chat da editorial dixital Snappet en horario escolar de 9.00 a 13.30 horas e marco as pautas de traballo para o día que quedan por escrito. Durante ese tempo o alumnado vaise incorporando e vai facendo as distintas tarefas consultando as posibles dúbidas no mesmo momento en que xurden.</p> <p>Dado que na editorial dixital Snappet non contamos con Ciencias Sociais e Naturais os apuntes é o material de reforzo os subo a páxina web do centro e coloco en Snappet un enlace directo a eles así como enlaces a vídeos e a páxinas de actividades online. Tanto o comentario dos apuntes como o do material de reforzo é comentado e corrixido entre todos ben a través do WhatsApp Web (escribindo ou con audios e fotos), a través de vídeo conferencia ou chamada grupal.</p> <p>As distintas unidades de traballo así como as actividades son seleccionadas tendo en conta as características de cada alumno/a tendo en conta que non sexan demasiado fáciles (aburriríanse) nin demasiado difíciles (desanimaríanse ao non poder realizalas).</p> <p>En xeral é unha metodoloxía moi individualizada que atende ás principais</p> |

| | |
|------------------------------------|--|
| | <p>necesidades/dificultades de cada neno/a.</p> <p>5º B:</p> <p>Todo o alumnado ten conectividade a través de internet, ben a través do ordenador, o teléfono móbil ou tableta propia ou dos pais/nais polo que comunícome con todos eles.</p> <p>Utilizo a vídeo conferencia como mínimo unha vez á semana para interaccionar co alumnado.</p> <p>Para a recollida de traballos emprego o correo electrónico.</p> <p>Para as explicacións así como para calquera outro tipo de comunicación emprego o WhatsApp ou a chamada directa.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto, cadernos e material de elaboración propia. - Medios de comunicación telemática: Cisco Webex, WhatsApp, chamadas telefónicas... - Páxinas web: a do propio centro e outras con actividades interactivas. |

| | | |
|--------------------------------------|---|---|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN 2019-2020 | 5 | CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA CURSO: 5º MATERIA: L. GALEGA, L. CASTELÁ, MATEMÁTICAS, NATURAIIS E SOCIAIS. |
|--------------------------------------|---|---|

3. Información e publicidade

| | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | Ademais das ferramentas telemáticas citadas anteriormente, empregamos a plataforma ABALAR e os propios medios de comunicación do centro (páxina web, correo electrónico..). |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |